
Tipos de marcadores discursivos no galego oral e escrito

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Universidade da Coruña

Data de recepción: 04/04/2016 | Data de aceptación: 03/10/2016

Resumo:

No capítulo introdutorio defínese, caracterízase e delimitase o concepto de marcador do discurso e faise unha sucinta mención ao estado da arte no relativo ao estudo dos marcadores do discurso en galego e aos problemas de interferencia que tales unidades presentan; tamén se establecen uns criterios de clasificación. Nos demais capítulos estúdase singularizadamente cada un dos cinco tipos de marcadores do discurso previamente fixados (estruturadores da información, conectores, reformuladores, operadores discursivos e marcadores de control de contacto), coas funcións e características propias de cada un. Tamén se achega exemplificación tirada dun corpus de textos orais e escritos.

Palabras chave:

Marcadores discursivos; galego oral; galego escrito; estruturadores da información; conectores; reformuladores; operadores discursivos; marcadores de control de contacto.

Sumario:

1. Introducción. 1.1. Marcadores discursivos. 1.2. Os marcadores discursivos en galego: estado da arte. 1.3. Criterios de clasificación e corpus. 2. Estruturadores da información. 3. Conectores. 4. Reformuladores. 5. Operadores discursivos. 6. Marcadores discursivos de control de contacto. 7. Conclusión. 8. Referencias bibliográficas. 9. Fontes documentais.

Types of discourse markers in the oral and written Galician

Abstract:

The first section of the paper contains a brief introduction to discourse markers, beginning with a definition of the term, and it offers a short summary of the current state of research in relation to discourse markers in Galician, and touches on the problem of interference from Spanish; it also identifies the different types of discourse marker. The remaining sections focus on the five categories of discourse marker outlined in the introduction (organisational markers, connectives, reformulation markers, discourse operators and interactional markers together with the main functions and characteristics of each, using examples from a corpus of written and oral texts.

Key words:

Discourse markers; oral Galician; written Galician; organisational markers; connectives; reformulation markers; discourse operators; interactional markers.

Contents:

1. Introduction. 1.1. Discourse markers. 1.2. Discourse markers in Galician: state of the art. 1.3. Criteria of classification and corpus. 2. Organisational markers. 3. Connectives. 4. Reformulation markers. 5. Discourse operators. 6. Interactional markers. 7. Conclusion. 8. References. 9. Primary sources.

1. Introducción

1.1. Marcadores discursivos

Os marcadores do discurso son unidades lingüísticas xeralmente invariábeis que guían o proceso inferencial que se produce na comunicación, posibilitando desta forma a adecuada interpretación do texto (Portolés, 2001: 25). A pesar de non posuíren función clausal nin poderen ser núcleo dunha resposta a unha pregunta, son porén necesarios no proceso comunicativo para indicaren o sentido da conexión e ligaren segmentos maiores ou menores do discurso. Compórtanse como sinais ou ‘pistas’ que a persoa que fala utiliza para dirixir cooperativamente o proceso interpretativo da interlocutora ou interlocutor; isto é, virían a ser como os sinalizadores que guían o percurso do proceso interpretativo, da mesma forma que os sinais de tránsito nos indican como debemos circular por unha cidade (Montolio, 1998: 109).

Algunhas características xerais dos marcadores do discurso son: heteroxeneidade canto á categoría gramatical (conxuncións, adverbios, interxeccións, locucións prepositivas, conxuntivas ou adverbiais etc.), invariabilidade no plano formal como norma xeral (*mais, porén, pois, entón, no fondo, en calquera caso* etc.), gramaticalización total ou parcial en moitos casos (o *antes* e *despois* discursivos refírense ao precedente ou subsecuente no enunciado e non ao tempo e en *por un lado* ou *por outro lado* desaparece calquera referencia espacial etc.), imprecisión semántica e multifuncionalidade dalgunhas destas unidades (*ben, pois* etc.), significado de procesamento (propiedades relacionais e pragmáticas máis do que referenciais e denotadoras) etc.

Canto ás propiedades distributivas, existe a posibilidade de acumulación dalgunhas unidades, con tendencia das conxuncións a ocuparen o primeiro posto (*pois ben, mais entón, logo daquela, mais na realidade* etc.) e poden aparecer en posición inicial (1a), medial (1b) ou final do enunciado, aínda que tal liberdade na realidade afecta só un grupo deles e, en xeral, todos teñen a súa posición condicionada por certas regras de distribución:

- (1) a) **Porén**, *considero que ti non tiñas razón.*
b) *Considero, porén, que ti non tiñas razón.*

Tamén teñen importancia as propiedades fónicas (acento, entoación, cantidade silábica) na matización do significado e normalmente constitúen un grupo entoativo propio e ocorren isolados por pausas:

- (2) **De facto**, *o alcalde, por exemplo, non asistiu.*

Nunha análise crítica dalgunhas das características atribuídas aos marcadores discursivos Schourup (1999: 230-234) xulga que a conectividade, aínda concibida de diferentes maneiras, pode ser utilizada para distinguir os marcadores doutros elementos iniciais como os adverbiais ilocucionarios (*francamente, confidencialmente*), os adverbiais actitudinais (*afortunadamente, tristemente*) ou as interxeccións propias (*ai, oh*), mais por si mesma é insuficiente para distinguir os marcadores discursivos doutros elementos nexuais intraoracionais. A respecto da opcionalidade, se un marcador discursivo for omitido (3b), a relación que el indica permanecerá dispoñíbel para o/a ouvinte, se ben é certo que a presenza do marcador reforza ou dá pistas para a interpretación proxectada pola persoa que fala, como acontece en (3a):

- (3) a) *Eles van para Ourense. Porén, eu vou para Vigo.*
 b) *Eles van para Ourense. Eu vou para Vigo.*

Canto á inicialidade, como moitos marcadores do discurso ocupan con preferencia esa posición, Schourup (1999: 233) afirma que as unidades que aparecen exclusivamente en posición final, por careceren claramente de conectividade, non son polo xeral incluídas nos marcadores discursivos, a contradicir así a opinión de Watts (1989: 210-211), quen distingue entre marcadores en posición inicial (*lefthand*) e en posición final (*righthand*) segundo iniciaren ou puxeren fin a unha unidade tonal. Por último, cando se adxudica aos marcadores discursivos o status de categoría sintáctica, como é o caso de Zwicky (1985: 302) ou Fraser (1990: 389), a multicategorialidade é contemplada desde unha perspectiva diacrónica, pois considérase que os marcadores van xurdindo desde outras categorías a través de procesos históricos.

1.2. Os marcadores discursivos en galego: estado da arte

Aínda que escasas, na tradición lingüística galega non faltan referencias máis ou menos explícitas ao uso de marcadores e outros elementos lingüísticos que desempeñan funcións discursivas alén do ámbito da cláusula; obsérvase isto nalgúns adverbios extraoracionais, nas conxuncións e nalgunhas preposicións, ambas a funcionaren como conectores interclausais, e nas interxeccións (véxase, por exemplo, Saco Arce, 1868: 124-141 e 192-194; Carballo Calero, 1979: 326-330; Álvarez, Regueira, & Monteagudo, 1986: 472-474; Álvarez, & Xove, 2002: 600-609 e 643-650). Mais será en Freixeiro (2003: 137-174) onde pola primeira vez se dedique un capítulo específico ao estudo dos marcadores discursivos, con esta mesma denominación, nunha gramática sobre o galego. Posteriormente sairá do prelo unha monografía sobre o tema (Freixeiro, 2005a), acompañada doutros traballos da mesma autoría (Freixeiro, 2005b, 2005c etc.). Tamén dedicou atención a estas unidades nos últimos tempos Domínguez (2006, 2008, 2009).

Por outro lado, non se pode tratar sobre os marcadores discursivos en galego sen facer referencia aos problemas de interferencia do español que estas unidades presentan. Xa ao falar sobre a alternancia de códigos o lingüista francés Claude Hagège (2000: 106) advirte de que, nunha situación de bilingüismo en desigualdade, os marcadores do discurso da lingua dominante pasan a ser a columna avanzada que anuncia a invasión do léxico; e deste pasaríase á gramática. Con certeza, a introdución de marcadores discursivos do español no galego oral e escrito vén de lonxe e foi un claro prelude doutros castellanismos masivos (Freixeiro, 2005a: 110-170). Algúns marcadores discursivos do galego pasaron a ser usados no castelán falado na Galiza, previa adaptación ou tradución, como é o caso de *e logo-y luego* (Vázquez, & Fernández, 1996) ou de *daquela~de aquella* (Freixeiro, 2013: 441-442). Mais moitos máis son, evidentemente, os casos inversos, aqueles en que os marcadores discursivos do español se introduciron no galego, coas súas formas e funcións. É a alta frecuencia de uso a que lles confire unha especial relevancia na lingua oral da actualidade, así como tamén na lingua escrita dos últimos séculos, e a que os converte en símbolos representativos da desnaturalización do galego. É o mesmo que acontece coas preposicións, adverbios ou conxuncións (Parga, 1999: 806), clases de onde en moitas ocasións proveñen.

Aínda que non faltan casos de interferencia no galego escrito dos últimos séculos, tema xa tratado noutro lugar (Freixeiro, 2005a), é na oralidade contemporánea onde a presión da lingua oficial do Estado deixou unha máis fonda pegada de diferetes maneiras. Uns marcadores discursivos son tomados directamente do español, como *bueno, o sea, vamos a ver, hombre, en primer lugar, de todas formas* etc., outros mostran unha forma híbrida, caso de *é decir* ou *de todos xeitos*, e algúns xa foron desbotados da norma, como *entonces, sen embargo* ou *unque*; nas páxinas que veñen a seguir serán comentados algúns dos casos máis significativos. De todos os castellanismos introducidos neste importante ámbito da expresión lingüística, non hai dúbida de que o máis frecuente e chamativo, debido tamén á súa multifuncionalidade, é *bueno*, verdadeiro retrouso omnipresente en calquera acto conversacional, popular ou culto, formal ou informal, desenvolvido en lingua galega e inclusive tamén nos monólogos da máis diversa condición, aínda que cunha especial incidencia no galego oral como se pode observar en todas as recollas de textos desa procedencia. Sobre un conxunto de case medio centenar de etnotextos gravados a outros tantos informantes, Parga (1999: 806-807) comproba que “a palabra comodín **buèno*” é o segundo dos castellanismos con maior índice de frecuencia, só superado por *ahora*. Os textos literarios galegos dan tamén boa conta da súa presenza na lingua escrita, tanto coa forma directamente tirada do español como so a forma alterada *boeno* (Freixeiro, 2010), embora o índice de frecuencia sexa considerabelmente máis baixo que nos textos de procedencia oral. Este castellanismo desllocou en grande medida a forma galega *ben* e talvez chegou a impedir o desenvolvemento de *bon* ou *bo* como

marcadores, pois é moi posíbel que o paso de adxectivo a marcador se producise nun período de castelanización avanzada, de modo contrario ao que aconteceu no portugués con *bom*, que posúe valores equivalentes aos do marcador castelán (Scotti-Rosin, 1984: 205). Na oralidade hodierna a presenza de *bueno* como marcador conversacional é altísima.

No grupo dos marcadores discursivos que teñen a súa orixe en formas verbais tamén se dan casos de interferencia, como acontece con *vamos ver* ou *imos ver*, ou *sexa e é dicir*, que frecuentemente se utilizan coa forma castelanizada. Outros casos de interferencia poderían afectar algúns conectores contraargumentativos como *sen* (e *sin embargo*, *nembargantes*, *en cambio*, *agora ben*, *anque*, *pese a* etc. (Freixeiro, 2005b e 2005c). Existe igualmente un pequeno número de conectores que manteñen unha estreita relación co grupo dos contraargumentativos –*de todas as maneiras* etc.– e que presentan con frecuencia unha alteración formal consistente na supresión do artigo, probabelmente debida á interferencia do español. Hai tamén unhas partículas de moi elevada frecuencia de uso que teñen un estatuto discutido dentro da lingua, por veces incluídas dentro dos marcadores discursivos; son as partículas aditivas escalares (Schwenter, 2000) *mesmo* e *até* (ou *ata*), que tamén estiveron e aínda están suxeitas a interferencia do español, e que son polo xeral substituídas directamente polas formas castelás na escrita anterior á fixación do estándar vigorante e sobre todo na fala tamén actual (Parga, 1999: 807).

Aínda se podería acrecentar inclusive o uso esmagador de *pero* no galego actual (Freixeiro, 2005d) ou o triunfo de *mira* face a *olla* entre os marcadores de control de contacto (Domínguez, 2008), ben como a extensión de *vale* ou *veña* como marcadores conversacionais e talvez inclusivemente a de *por suposto* e *desde logo* como marcadores de evidencia ou a de *por certo* como digresor, expresións que carecen de tradición na lingua galega. Son moitos, en definitivo, os casos de interferencia directa ou indirecta do español na forma, usos e valores dos marcadores discursivos do galego, como costuma acontecer en situacións semellantes de contacto de linguas onde unha delas, neste caso o español, ocupa a posición dominante.

1.3. Criterios de clasificación e corpus

Alén dunha visión máis ampla dos marcadores discursivos, que permite incluír dentro destas unidades os chamados adverbios oracionais e os sinais ou marcadores conversacionais, onde poden entrar a práctica totalidade das interxeccións, existen outras perspectivas máis restritivas, aínda que non suficientemente clarificadoras en xeral. Portolés (2001: 49), empeñado en delimitar un “grupo relativamente homogéneo” de unidades, establece dúas restricións gramaticais, unha de natureza morfolóxica

ao cualificar os marcadores como unidades invariábeis e outra de natureza sintáctica ao definilos como elementos periféricos na predicación. Indica igualmente que os marcadores pertencen só ás categorías gramaticais da conxunción, do adverbio e da interxección, aquelas que son consideradas invariábeis pola gramática tradicional, coa excepción das preposicións por estas posúen significado conceptual. Perante a multiplicidade de expresións lingüísticas que desempeñan funcións similares ás dos marcadores do discurso, a invariabilidade distingue os marcadores dos sintagmas que conservan a capacidade de flexión e combinación dos seus membros: *por tanto* sería un marcador discursivo, mais non *por isto*, *por iso*, *por este motivo*, *por esta razón*, *por esta causa*, *a causa disto* etc., embora poidan desempeñar a función de tales; o mesmo acontece coa expresión *resumindo o dito* (*o faldado na reunión*, *as palabras da presidenta* etc.) con relación ao marcador discursivo *en resumo* (Portolés, 2001: 57).

Canto á clasificación dos marcadores do discurso, son varias as perspectivas que se poden adoptar, sen que se torne unha tarefa fácil a súa sistematización (cf., por exemplo, Martín Zorraquino, 1998: 52-53; Fraser, 1999: 946-950; Schourup, 1999; Fuentes, 1998a etc.). Unha das clasificacións máis sinxelas é a de Montolío (2001), que se centra nos marcadores ou conectores contraargumentativos, consecutivos e aditivos (organizadores da información e argumentativos), se ben que con subdivisións internas que a complementan e matizan a partir da distinción xeral entre conectores parentéticos e integrados, os primeiros situados entre pausas e con grande independencia sintáctica e mobilidade dentro da oración (Rouchota, 1998), a se combinaren xeralmente con verbos en indicativo, e os segundos integrados na oración por conteren na súa formación algún elemento subordinante (conxunción *que*, preposición *de* etc.), que non teñen a mesma capacidade de mobilidade e que se combinan con verbos en indicativo ou subxuntivo, segundo os casos.

A clasificación talvez máis completa e coherente é a de Martín Zorraquino, & Portolés (1999: 4081-4199) e, con pequenas diferenzas, a de Portolés (2001: 135-146), quen tenta evitar o feito de unha mesma unidade aparecer en diferentes grupos de marcadores con valores tamén distintos; a se basear na teoría da relevancia, establece uns criterios máis restritivos, como se acaba de ver, para chegar á seguinte clasificación: (i) estruturadores da información (comentadores, ordenadores e digresores), (ii) conectores (aditivos, consecutivos e contraargumentativos), (iii) reformuladores (explicativos, rectificativos, de distanciamento e recapitulativos), (iv) operadores discursivos (de reforzo argumentativo, de concreción e de formulación), e (v) marcadores de control de contacto. Exclúe este autor (Portolés, 2001: 65) da nómina de marcadores discursivos os adverbios oracionais e, máis en concreto, os de enunciación ou adverbios ilocutivos, como *francamente* ou *sinceramente*, tanto pola posibilidade de se integraren nunha cláusula co mesmo significado como por posúen un significado conceptual que lles permite seren interrogados, negados ou parafraseados.

Nas páxinas que veñen a seguir procurárase desenvolver de forma sintética esta proposta de clasificación dos marcadores discursivos con apoio de exemplificación tirada dun *corpus* de textos de procedencia oral e tamén de textos escritos (véxase 9: Fontes documentais). Canto a estes últimos, utilízanse obras literarias do galego contemporáneo, procurando que estean representados diferentes períodos que van desde o século XIX á actualidade, mais tamén se acode a textos xornalísticos de diferentes épocas, con preferencia para os actuais. Ao mesmo tempo, os textos da oralidade corresponden a diferentes tipoloxías, como contos, lendas, diálogos, narracións de carácter persoal etc., e tamén proceden de difrentes localizacións xeográficas, de modo que se *Brañegos* e *Polavila* representan a fala da zona centro-oriental da provincia de Lugo, tanto en *AGO* como en *ANF* procúrase acudir a textos das outras áreas lingüísticas do territorio galego. Con todo, cómpre deixar constancia de que se prescinde dos españolismos directos e claros, tan frecuentes neste ámbito de expresión, á hora de citar e estudar os diferentes marcadores discursivos, o que non quere dicir que algunhas das unidades citadas como marcadores non poidan ser produto da influencia castelanzadora, feito de que se tentará dar conta en cada caso. Neste sentido, nos exemplos tirados do Arquivo do Galego Oral (*AGO*) optárase pola fórmula reproducida na transcripción estandarizada; nos demais casos respéctase a forma, tamén gráfica, dos orixinais.

2. Estruturadores da información

De acordo co exposto anteriormente, ofrécese a seguir unha breve descrición e análise dos diversos tipos de marcadores discursivos propiamente ditos en galego, clasificación realizada con criterios restritivos (Freixeiro, 2005a: 58-83), a comezar polos estruturadores da información; a enumeración das diferentes unidades lingüísticas que conforman cada grupo realízase sen afán de exhaustividade e inclúe tanto as máis propias da lingua escrita como aquelas máis presentes na oralidade.

Os marcadores do discurso estruturadores da información son unidades non propiamente argumentativas que permiten a creación de tópicos e comentarios, e que contribúen para regular a organización informativa do texto. Estes marcadores posúen un significado que fundamentalmente fornece instrucións relativas á distribución de comentarios; entre eles pódense sinalar tres grupos: comentadores, ordenadores e digresores.

Os comentadores son marcadores que presentan o membro do discurso que introducen como un novo comentario distinto do anterior; este pode responder a outro tópico diferente ou pode ser preparatorio do novo comentario introducido polo marcador. Os principais son *pois*, *pois ben*, *así as cousas*, *dito isto/iso* etc. Deles, o máis

frecuente na lingua oral, mais tamén con presenza na lingua escrita, é *pois*, partícula multifuncional que xa na lingua medieval tiña unha alta frecuencia de uso e certa diversidade funcional (Freixeiro, 2010: 443-445); na actualidade ocupa o lugar 112 no conxunto das mil palabras galegas máis utilizadas, segundo o Corpus do Galego Actual (CORGA), como recolle Domínguez (2006: 145), quen sinala un contínuum funcional que ten un extremo no de conxunción causal e outro no de organizador do discurso, a pasar así desde o primeiro uso nexual a conxunción consecutiva e logo, respectivamente, ao de marcador discursivo conclusivo, afirmativo, focalizador e finalmente organizador do discurso. Mais tamén sinala que os casos en que funciona como conxunción, nomeadamente consecutiva, xa están contaminados polo seu rol máis común de marcador do discurso, pois sería a partir do valor conxuntivo, mediante un proceso inferencial, como iría adquirindo os valores discursivos. Sexa focalizador ou comentador, o caso é que o *pois* marcador discursivo desposuído de valor consecutivo ten hoxe unha alta presenza e rendibilidade na lingua oral e escrita, nomeadamente nos textos conversacionais como inicio de resposta (4) ou de intervención (5):

- (4) *E dixolle:*
 –**Pois** non estou nada tranquilo eu; non estou nada tranquilo
 (Brañegos 138)
- (5) —**Pois** a época do Entroido, depende, segundo sexa o ano, hai veces que é máis alto e outras veces é máis baixo...
 (AGO, Ourense, Os Blancos - San Breixo, Audio 91)

O marcador *pois ben* sitúase igualmente ao comezo do segmento discursivo que introduce, mais ao contrario que o *pois* comentador, vai seguido de pausa. É de uso habitual nos diálogos, cun significado que presupón a aceptación do estado de cousas proposto no segmento precedente; unha vez asumido polo interlocutor ou interlocutora, permitirá o comentario que introduce; de se non tratar dun diálogo, presuponse o acordo da persoa receptora co exposto no membro anterior:

- (6) Antonio: -*Estou agardando a que me digas algo... Pra iso eres home de letras.*
 Nogueira: -*¡E con anteollos! Pois ben, imos por orden*
 (Dieste, AFV 25)

Canto ao comentador *así as cousas*, que parece proceder da expresión *estando así as cousas* con posterior elisión do xerundio verbal e que é máis propio do discurso escrito do que do oral, sinala un estado de cousas a partir do cal se realiza un novo comentario introducido por el, sen de forma explícita o segmento precedente constituír unha preparación para tal comentario, como acontece con *pois ben*:

- (7) [...] *asegurou que a declaración do espazo como Ben de Interese Cultural (BIC) por parte da Consellaría de Cultura continúa adiante o que, desde o seu punto de vista, reflicte a implicación do goberno galego no proxecto. Así as cousas, esta consideración tamén podería demorarse até finais deste ano ou mesmo até 2017, pois polo camiño podería mudar o Executivo tendo en conta as eleccións ao Parlamento deste outono.*

(O. Rodil, “Máis lonxe de ser Patrimonio...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 10)

Outro comentador máis propio do discurso escrito e formal é *dito isto* ou *dito iso*, que introduce un segmento do discurso con máis relevancia informativa do que o precedente, sendo este con todo igualmente necesario para un correcto procesamento da información:

- (8) [...] *o escenario que nos amosan as enquisas caracterízase porque todo vai ser similar a efectos de investir presidente, mais tamén que o nacionalismo volverá ser decisivo, como xa o foi ao longo destes meses nos debates políticos. Dito isto, neste escenario Galiza ten unha nova oportunidade de ser determinante con voz propia.*

(M. A. Fdez. Baz, “Os votos nacionalistas...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 14)

Canto aos ordenadores teñen, por un lado, a función de indicaren o lugar que ocupa un membro do discurso no conxunto dunha secuencia discursiva ordenada en varias partes, e, por outro lado, presentan o conxunto da secuencia como un único comentario en que cada parte constitúe un subcomentario. Polo xeral fóronse gramaticalizando a partir das nocións de numeración (*primeiro, segundo, terceiro* etc.), de espazo (*por un lado, por outra banda* etc.) e de tempo (*despois, finalmente* etc.), a constituíren algúns deles pares correlativos (*por un lado / por outro*). Hai tres clases de ordenadores: de apertura, de continuidade e de encerramento. Os ordenadores de apertura serven para abriren unha serie no discurso, como *en primeiro lugar, primeiramente, por unha parte, por un lado, por unha banda, dunha parte, dun lado, dunha banda* etc., e posúen mobilidade dentro do seu segmento discursivo.

- (9) *O Lueiro finóu por se non entender. Dun lado, o espírito con esta interrogación incontestábel -“¿Para qué o vivir?”-. Do outro, o corpo resistíndose -“¿Para qué o morrer?”*

(Amado, *OPV* 52)

Os ordenadores de continuidade, como *do outro* en (9), indican que o membro que acompañan fai parte dunha serie de que non é o elemento inicial; son *en segundo (terceiro, cuarto* etc.) *lugar, por outra (parte, banda), por outro (lado), por*

súa parte, doutra (parte, banda), doutro (lado), de igual forma (modo, maneira, xeito), igualmente, logo, despois etc.; tamén *así mesmo*, de posíbel orixe no castelán. De iren precedidos da conxunción copulativa *e* enténdese que fechan unha serie (10), mais non é imprescindíbel que aparezan todos os elementos desa serie; inclusive pode acontecer que non estea presente no texto de forma explícita o marcador de apertura, como en (11):

- (10) *“A idea era xogar co relato breve”, explica, “en primeiro lugar quería ter moi próximos os lectores, e que eles fosen o principio e o final da historia, eu era só un mercenario no asunto. E, en segundo lugar, quería reivindicar o relato breve como un xénero que pode achegarte a eles, e a verdade é que o xénero respondeu ben a esas piruetas”.*

(R. Castro, “A xogar cos límites...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 25)

- (11) *Unha realidade que no noso país aínda era unha utopía.*

Por outra banda, tamén debía atender ao traballo no instituto. Era consciente de que ese curso debía aprobar todo, a nova situación esixíame unha maior responsabilidade.

(F. Paz, *VG* 199)

Os ordenadores de encerramento indican o final dunha serie discursiva e son unidades como *por último, en último (derradeiro) lugar, en último (derradeiro) termo, en fin* (máis frecuentemente reformulador recapitulativo), *polo demais, por fin, finalmente (derradeiramente)* etc.:

- (12) *Ambas as dúas iniciativas puxeron sobre da mesa máis dun cento de propiedades do Exército en todo o país, todas elas baixo a premisa de, por unha banda, aforrar custes e, pola outra, sacarilles a máxima rendibilidade posíbel. Por último, nos casos nos que aparentemente non existía unha contrapartida económica directa, ese lucro consistía na introdución de cláusulas que reservaban unha porcentaxe das plusvalías xeradas polas operacións futuras*

(X. Fandiño, “Ministerio de Defensa SL...”, *SG*, nº 197, 26-05-2016, p. 2)

Os estruturadores da información chamados digresores introducen un comentario lateral a respecto da planificación do discurso anterior e do seu tópico principal, que tanto pode gardar algunha relación con el como non posuír ningunha; son *a propósito, a todo isto, a todo iso, por certo* etc. Embora costumen ocupar a posición inicial do segmento que introducen de forma parentética, *por certo*, talvez xerado no galego por influencia do español, ten mobilidade e pode ocupar a posición inicial

(13), medial (14) ou final (15), alén de ser o máis frecuente tanto na lingua oral como escrita:

(13) *O conto é que se casa e que se libra de quedar com-as irmáns de Don Saturio. **Por certo**: quén sería ese home de carreira que se quixo casar con ela? Sería Don Saturio?*

(Castelao, VE 28)

(14) *O xantar, **por certo**, foi exquisito. Para comezar, uns pratos de petiscos variados: mexillóns en vinagreta, lagostinos, croquetas de centola...*

(F. Paz, VG 263)

(15) *A miña comadre non é ningunha trampalleira. Ela é unha muller de ben. Moi honrada **por certo**.*

(Castelao, VE 48)

Polo contrario, *a propósito* como digresor adoita situarse en posición inicial do segmento que introduce e tamén pode posuír unha forma integrada mediante un complemento con *de* (*A propósito das eleccións, como vos foi?*), alén da parentética; o comentario que introduce, frecuentemente en forma de pregunta, habitualmente garda relación directa co tópico central do discurso:

(16) *E o Belga rompéu en risadas ante aquela perspectiva de millós de planetas perplexos.*

–A propósito -preguntoume logo-, ¿tes idea de cantos satélites artificiais foron postos en órbita hastra hoxe?

(Gonsar, CTS 20)

A respecto de *a todo isto* ou da variante *a todo iso*, que tamén goza de certa mobilidade, cómpre sinalar que a digresión que introduce interrompe a liña discursiva en curso e presenta ou solicita unha información que nese momento do discurso xa debería ser coñecida:

(17) *Falas ben compadre, que as nosas liortas para nada mais sirven que para engordar as xústicias: e así ende bñ que se acabase á cousa. E **a todo eso** ¿que soupéchedes de novidades?*

(DA 2)

Con todo, pertencendo o exemplo (17) ao século XIX, aínda na actualidade se pode achar esta construción parentética sen gramaticalizar como marcador discursivo, segundo mostra (18), embora este caso sexa indicativo da xénese do proceso evolutivo:

- (18) *A alternativa era buscar un hotel barato, mais nel habería a obriga de rexistrarse e na ficha verían que era menor de idade e que viaxaba só. **A todo isto**, había que engadir os cartos que me farían falta para a aventura e que non sabía como conseguir.*
(F. Paz, VG 226)

No galego escrito e en contextos formais, nomeadamente na prosa xornalística, estase a introducir desde o portugués o marcador *aliás* como estruturador da información, tanto con valor ordenador (19) como digresor (20):

- (19) *Defenden unha subrogación “altruísta”, isto é, aquela na que non existe contraprestación económica para a muller xestante alén dos custos derivados do propio tratamento de fecundación in vitro [...].*
Aliás, fixa a creación dun rexistro estatal de xestación por subrogación no que se inscribirán aquelas mulleres que amosen vontade de se tornaren xestantes e sempre que cumpran cunha serie de requirimentos legais
(O. Rodil, “Maternidade subrogada...”, SG, nº 198, 02-06-2016, p. 8)

- (20) *A nivel informativo, a chamada “lei vasoira” aprobada polo Parlamento liberaliza a venda de créditos morosos a fondos voitre e fixa un mecanismo de recorte automático dos orzamentos no caso de non se atinxiren os obxectivos de superávit primario impostos pola Troika. Aliás, dásele un novo pulo ás privatizacións creando unha nova macro-entidade para a venda de empresas públicas*
(X. P. Igrexas, “Novo episodio na capitulación...”, SG, nº 198, 02-06-2016, p. 16)

3. Conectores

Os conectores son marcadores discursivos cuxo significado fornece instrucións argumentativas que orientan as inferencias derivadas do conxunto dos membros relacionados. Vinculan semántica e pragmaticamente un membro do discurso con outro anterior ou cunha presuposición contextual de fácil acceso e poden ser de tres clases: aditivos, contraargumentativos e consecutivos.

Os aditivos son aqueles que a un membro discursivo anterior acrecentan outro coa mesma orientación argumentativa, a permitiren así a inferencia de conclusións que, de os dous membros permaneceren independentes, serían de dificultosa consecución: de *O rapaz é alto* poden tirarse varias conclusións, que se reducen en *O rapaz é alto e, alén diso, remata ben de cabeza*. Hai dous grupos de aditivos; por

un lado, os que vinculan dous membros discursivos que se ordenan nunha mesma escala argumentativa, como *inclusive* ou *incluso*, *até* (ou *ata*), *mesmo*, *é máis*, *aínda máis* ou *máis aínda*:

(21) *Explicoume que levaba moitos anos vivindo como estranxeiro. Máis aínda: pensaba que soio podía vivir como estranxeiro*
(Gonsar, CTS 14)

(22) *E despois está a Pedra da Arca que dicen que hai unha cadena de ouro enterrada pero que naide a viu, naide. É máis, eu sei que foron facer escavaciós, perforaciós a ver si encontraban pero non encontraron nin arca nin cadena*
(Polavila 33)

E, por outro lado, os que vinculan dous membros discursivos que non se ordenan nunha mesma escala argumentativa, como *ademais* (*de*) e *amais* *de*, *por riba*, *aínda por riba*, *aínda por cima*, *de por parte* ou *á parte* (*de*), e os máis formais *alén* *diso*, *alén* *do máis* ou (*para*) *alén* *de*:

(23) *É isso possível, dada a nossa situação geográfica? Além disto, eu sou um pobre campesino leonês cuja primeira vocação foi a eclesiástica*
(Carvalho, SC 262)

(24) *Para alén da demora nos tempos e nos requirimentos administrativos, a concorrencia da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade está en perigo polo proxecto de construción da A-76*
(O. Rodil, “Máis lonxe de ser Patrimonio...”, SG, nº 198, 02-06-2016, p. 10)

Os conectores consecutivos presentan o membro do discurso en que figuran como unha consecuencia dun membro anterior, de modo que se dá unha relación de causa a consecuencia entre as informacións conectadas por eles. Así pois, estes marcadores teñen como significado básico indicaren que a información que os segue constitúe unha consecuencia derivada da información precedente, a se converteren por iso en especialmente aptos e produtivos nos textos argumentativos. A lingua foi xerando expresións que se foron gramaticalizando como conectores consecutivos; alén das constituídas por unha única palabra (*pois*, *logo*, *entón*, *daquela* etc.), Montolío (2001: 102-136) establece dous grupos de locucións conectivas consecutivas do punto de vista sintáctico: (i) as integradas na oración, que presentan na súa formación a conxunción *que* (*así que*, *de modo/maneira/xeito que*, *de aí que*, *polo que*); e (ii) as parentéticas (*por tanto*, *por/en consecuencia*, *por conseguinte*, *por iso*, *por esa/tal razón*, *por esa/tal causa*, *por ese/tal motivo*, *pois*, *así pois*, *xa que logo*).

Mais de todas estas expresións, de acordo co criterio restritivo de Portolés (2001: 140), son propiamente conectores consecutivos, en primeiro lugar, *pois*, *así*, *así pois*, *logo*, *entón* ou *daquela* (Freixeiro, 2013), que se limitan a mostraren o membro en que se achán como un conseqüente dun membro anterior:

- (25) *Mercantilízase **pois** o corpo das mulleres con esta práctica? Aurora González négao de maneira taxativa e subliña que regular a maternidade subrogada “non obriga ninguén”*

(O. Rodil, “Maternidade subrogada...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 8)

En segundo lugar, *por tanto*, *polo tanto*, *por conseguinte*, *conseguintemente*, *xa que logo* e *de aí*, que basean o paso dun antecedente ao conseqüente nun razoamento; posibelmente sexa *por tanto* o conector que tenda a dominar na escrita formalizada, en canto *xa que logo* está a emerxer con forza na lingua literaria e xornalística:

- (26) *O BNG sempre demostrou a capacidade de diálogo, de chegar a acordos, vontade de crear proxectos para transformar este país, e, **portanto**, o voto ao BNG é desde a nosa perspectiva dúas veces útil*

(X. Mexuto, “Goretti Sanmartín...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 12)

- (27) *Canto maior sexa a proporción de poboación activa a respecto da total, máis equilibrado é o mercado laboral, e, **xa que logo**, a economía, posto que menor é a proporción de dependentes, de poboación inactiva*

(X. M. Piñeiro, “Paul Krugman e a economía...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 21)

E, en terceiro lugar, *por* (ou *en*) *consecuencia* e *consecuentemente*, onde o conseqüente se presenta como un estado de cousas que é resultado doutro estado de cousas, teñen o seu ámbito de uso no rexistro formal e nomeadamente nos textos argumentativos e explicativos:

- (28) *Por maneira que o coído que cada un teña da súa fala, non somentes cumpre un fin sentimental, sinon que aínda abrangue unha ventaxa real, material e visíbre: a eisaltación da súa persoalidá, e **por consecuencia** a mellora da súa inteleitualidade.*

(A. Ribalta, “Verbas d’un mestre”, *TM*, 3ª época, Parrafeo 17, 21-10-1917, p. 1).

En síntese, e desde unha perspectiva histórica, a expresión da relación consecutiva presenta bastante vitalidade no galego oral e escrito. Canto a *así*, *entón*, *logo* e *daquela* están talvez nun grao menor de gramaticalización como conectores con-

secutivos; o primeiro ten na actualidade unha baixa rendibilidade, face a *así pois*, e *daquela* está máis presente na lingua coloquial. Neste ámbito da expresión lingüística o galego contemporáneo presenta bastante vitalidade, pois tamén os adverbios modais *consecuentemente* e *conseguintemente* foron adquirindo algún uso como marcadores consecutivos durante o século XX, mais unicamente en rexistros cultos, igual que as correlativas locucións conectoras *por consecuencia* e *por conseguinte*. A partir de *pois* formáronse locucións conectoras consecutivas como *pois entón*, *pois logo*, *pois ben* ou *así pois*. A fórmula conectora *de aí* comeza a deixar pegadas na escrita a finais do XIX. Se callar, a última incorporación aos conectores consecutivos do galego é *xa que logo*, atestada a meados do século XX, con presenza crecente nos usos formalizados da lingua (Freixeiro, 2012).

A respecto dos conectores contraargumentativos, establecen tal vinculación entre dous membros do discurso que o segundo se presenta como supresor ou atenuador dalgunha conclusión que se puider deducir do primeiro. De se seguiren os criterios máis amplos de Montolio (2001: 49) que teñen en conta o seu comportamento sintáctico, pódense establecer catro grandes subgrupos de contraargumentativos: (i) *aínda (que)*, *a pesar de (que)*, *malia (que)* ou *se ben (que)*, integrados entoativa e sintacticamente na oración, que introducen argumentos fracos; (ii) *mais*, *pero*, *porén*, *non obstante*, *ora ben*, *con todo*, *a pesar de todo*, *así e todo*, todos parentéticos excepto os dous primeiros e introdutores de argumentos fortes; (iii) os integrados *en canto (que)*, *en tanto (que)*, *mentres (que)* ou *senón que* e os parentéticos *en troca* (e *en troques*), *polo contrario* (e *pola contra*) ou *antes ben*, todos eles a partillaren o significado básico de corrixiren no segundo membro algún aspecto do formulado no primeiro; e (iv) *de todas as formas*, *de todas as maneiras*, *de todos os modos* ou *de todos os xeitos*, que, a pesar de non seren propiamente contraargumentativos, posúen en moitos casos un valor similar e coinciden en minimizaren ou cancelaren a relevancia discursiva do segmento anterior, anulándoo para a prosecución do discurso.

Os conectores que introducen argumentos fortes adoitan denominarse adversativos, face a outro grupo de conectores que se caracterizan por introduciren argumentos fracos, isto é, argumentos que non teñen a forza suficiente como para imporen a conclusión que deles se derivaría e que se denominan concesivos (Freixeiro, 2005b). Uns e outros están directamente relacionados, pois todos son contraargumentativos. Como afirma Fuentes (1998b: 17), a adversación e a concesión están moito próximas, porque en ambos os casos temos unha antiorientación argumentativa; mais en canto na adversación só se produce tal antiorientación sen máis, na concesión preséntase unha implicación causal violada. Os conectores concesivos introducen normalmente o primeiro segmento da construción, en canto os adversativos introducen o segundo. No ámbito dos conectores concesivos do galego producíronse varias mudanzas ao longo da súa evolución histórica (Freixeiro, 2005b); practica-

mente desaparecido o decimonónico *mais que*, foron aparecendo outros como *se ben (que)*, de uso restrito, *malia (que)* e a locución parentética *malia isto/iso*, talvez dalgunha maneira derivados do español, que van adquirindo forza progresiva na lingua escrita, e *embora*, timidamente incorporado ao ámbito escrito maiormente por influencia do portugués:

- (29) *Ainda que está baseado en materias primas non moi diversas, a industria de primeira transformación é un sector diversificado en capacidade para a súa transformación, **malia** os cambios nos últimos anos.*

(J. P. Martín, “O sector forestal en Galiza”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 22)

- (30) *Porén, entre os seus plans non está derrogar o Decreto de Plurilingüismo **embora** o Plan no que se centra o Pacto “di que na educación infantil debe ter presenza o galego e en Primaria, Secundaria e Bacharelato debe corresponderse con, cando menos, o 50% das materias sen o excluir de Matemáticas, Física ou Tecnoloxía”*

(O. Rodil, “Cara á recuperación...”, *SG*, nº 156, 30-07-2015, p. 8)

De acordo cos criterios máis restritivos que se veñen seguindo e atendendo estritamente aos valores discursivos que presentan, pódense establecer tres tipos de conectores contraargumentativos. En primeiro lugar, aqueles que presentan un contraste ou contradición entre os membros vinculados, como *en troca*, *en troques*, *ao contrario*, *polo contrario*, *polo contra*, *por contra*, ou ben a preferencia dun sobre outro, como *antes (ben)*, *máis ben* (tamén reformulador rectificativo, como se verá), *ora (ben)* ou *agora (ben)*; neste ámbito de expresión do contraste e da preferencia (Freixeiro, 2008) postúlanse como conectores prototípicos na lingua formalizada *en troca* (*en troques* en rexistros menos formais), *polo contrario* e *ora (ben)* (*agora ben* pode ser produto da interferencia do castelán):

- (31) *Desde logo, a finalidade dos ‘discursos’ que compoñen Sempre en Galiza era moi outra que ‘escorrentar a morriña’; **en troca**, é interesante notar que o autor presenta a obra como “tres feixes de discursos”*

(H. Monteagudo, “Na xénese de *Sempre en...*”, *ANT*, 22 a 28-07-2004, p. 2 supl.)

- (32) *[...] prevé eventuais situacións como o dereito da muller xestante a interromper a gravidez de acordo co fixado na Lei de Interrupción Voluntaria do Embarazo. **Ora ben**, de o facer, sinala, deberá devolver calquera cantidade que tivese recibido dos proxenitores subrogantes*

(O. Rodil, “Maternidade subrogada...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 29)

En segundo lugar están os contraargumentativos que introducen conclusións contrarias ás esperadas dun primeiro membro, como os formais *porén*, *non obstante* ou *no entanto*, e *así e todo* (e a variante máis coloquial *así a todo*), *con todo*, *aínda así*, *mesmo así*, *emporiso* etc. (Freixeiro, 2005c):

(33) *Claro que nunca se lle viu entusiasmado por mulher alguma, e, **no entanto**, hai que considerá-lo mui mulhereiro*
(Carvalho, SC 99)

(34) *A urbe máis afectada é Ferrol, cunha serie de traslados de dependencias e persoal, case todo civil, cara ao interior do Arsenal militar. **Porén**, desde o propio Arsenal sinalan que, máis alá dalgún traballo puntual, aínda non se fixo efectiva ningunha destas medidas.*

(X. Fandiño, “Ministerio de Defensa SL...”, SG, nº 197, 26-05-2016, p. 3)

(35) *Destaca tamén o elevado número de locais comerciais dos que se quere desfacer o Ministerio: 714.*

***Aínda así**, ningún no Ministerio dubida de que o contexto no que se impulsaron estes programas non foi o máis favorábel.*

(X. Fandiño, “Ministerio de Defensa SL...”, SG, nº 197, 26-05-2016, p. 3)

E, en terceiro lugar, os que atenúan a forza argumentativa do membro anterior, como *mais*, *pero* (e a variante coloquial *pro*) ou *iso si*:

(36) *[...] nin o ‘Pacto Antiterrorista’, creado como ensaio anticipado dunha coaligación PP-PSOE en Euskadi, foi quen de prever e evitar a ameaza do terrorismo fundamentalista, obsesionados como estaban ambos en criminalizar o nacionalismo. **Iso si**, tanto estes pactos como o asinado a fins da lexislatura pasada en materia de inmigración foron eficaces parteiras de leis regresivas en materia de liberdades*

(C. Aymerich, “De pactos e ismos”, ANT, 1 a 7-07-2004, p. 10)

(37) *Isto si que é planificación lingüística! **Mais** as preguntas xorden decontado: acaso o inglés é lingua declarada oficial ou cooficial na lexislación lingüística vixente?*

(M. P. García Negro, “Dálle metílico”, SG, nº 197, 26-05-2016, p. 6)

(38) ***Pero** dentro había un altar e no altar había un cordeiro, **pro** o cordeiro era de ouro*

(Polavila 29)

Noutras ocasións xa se ten insistido na máis que probábel influencia do español no dominio expansivo de *pero* neste ámbito de expresión e na posibilidade de substitución por *mais* cando menos na lingua formal (véxase, por exemplo, Freixeiro, 2005a: 185-198 e 2005d).

4. Reformuladores

Os marcadores discursivos reformuladores introducen un membro do discurso que realiza unha nova formulación daquilo que se pretendía dicir nun membro anterior; tal formulación pode ir desde a explicación dun primeiro membro mal comprendido até á súa rectificación, pois en calquera caso o locutor xulga que o que exprimiu non transmite de forma satisfactoria o que quería comunicar e que coa nova expresión introducida polo reformulador a súa intención comunicativa vai ficar máis clara. Se no caso dos conectores hai que ter en conta os dous membros do discurso para a súa continuidade de sentido, no caso dos reformuladores é a nova formulación a que vai prevalecer no texto, ben sexa feita pola propia persoa falante (autorreformulación) ou polo seu interlocutor ou interlocutora (heteroreformulación); tamén se poden suceder varios membros vinculados por estes marcadores, a se xeraren así cadeas reformulativas (Martín Zorraquino, & Portolés, 1999: 4122):

(39) ... *Non sei. Paréceme ben. ou sexa é unha cousa boa, ou sexa un rollo bo, ¿non?*

(Toro, CD 50)

Xosé A. Fernández Salgado (1992: 74-75), que estuda a corrección como acto de reformulación conversacional, afirma que unha relación semántica de contraste non vén dada só pola estrutura do enunciado fonte e do enunciado reformulador, mais tamén se pode establecer a través dun “marcador ou iniciador de corrección”, podendo ser este de natureza prosódica (pausas, interrupcións, prolongamentos de vogais, entoación, acentuación, vacilacións, intensidade de voz etc.), máis frecuente na lingua oral, ou unha expresión verbal, máis propia da escrita. Estaríamos neste último caso perante os “marcadores verbais”, constitutivos dunha clase bastante heteroxénea formada por dous grupos: (i) expresións verbais estereotipadas, máis propias doutras formas de reformulación que de corrección (*é dicir, isto é, por exemplo*); e (ii) adverbios, conxuncións e interxeccións como *nó*, “marcador por excelencia da corrección total”, *bueno, que ho? e ou*.

De acordo co criterio que se vén seguindo, os reformuladores poden subdividirse en catro grupos segundo o seu significado: explicativos, rectificativos, de distanciamento e recapitulativos. Os reformuladores explicativos introducen

unha reformulación que explica ou clarifica o que se quixo dicir con outro membro anterior que puidese resultar algo difícil de comprender. Isto pode facerse ben voltando a expresar mellor o que se acaba de dicir mediante a repetición do tópico, ou ben expondo directamente as conclusións que se deberían inferir do primeiro membro, sen repetir o tópico. Os principais reformuladores explicativos son *ou sexa, isto é, é dicir, a saber, (dito) noutras palabras, (dito) con outras palabras, (dito) noutros termos, (dito) con outros termos, (dito) doutra maneira, (dito) doutro xeito, (dito) doutra forma, (dito) doutro modo* etc. O primeiro, *ou sexa*, introduce o membro do discurso que parafrasea o precedente, comentando así o mesmo tópico:

- (40) *Unha candidatura galega do cambio é outra cousa: debe pensarse en función da nosa realidade, recoller a pluralidade política e social existente no noso país e ter o centro de decisión en Galiza. **Ou sexa**, debe facerse desde nós, ter personalidade xurídica propia e actuar exclusivamente ao servizo dos intereses do noso pobo*

(X. Campos, “Galiza ou Pablo Iglesias”, *LVG*, 27-07-2015, p. 11)

Ou pode comentar un tópico distinto, presentando como reformulación unha consecuencia que se debería ter inferido do primeiro membro:

- (41) *E ollo, que a cousa non é de risa, pois un dos investigadores di que só viron superficies coma estas en mundos acivos como a Terra ou Marte. **Ou sexa**, que cando acabemos por completo co noso mundo, teremos que ir ao diminuto Plutón*

(M. Canosa, “Bendita néboa”, *LVG*, 29-07-2015, p. 11)

Canto a *é dicir*, o seu significado é similar ao de *ou sexa*, podendo introducir tamén tanto unha paráfrase (42) como unha consecuencia (43):

- (42) *nos anos 80 a 90 do século pasado, as Forzas Armadas ingresaron “perto de 8.000 millóns de pesetas” da época, **é dicir**, 48 millóns de euros.*

(X. Fandiño, “A Coruña: culminar o Plan...”, *SG*, nº 197, 26-05-2016, p. 3)

- (43) *Só no fin, despois de estar rematado, deuse conta de que o que fixera era describir, **é dicir**, imprimir outra mirada, relatar as cousas doutra maneira, distinta da que adoitan seren contadas*

(C. Vidal, “Poemas para saír do carreiro”, *SG*, nº 153, 9-07-2015, p. 26)

Outro reformulador explicativo é *a saber*, de uso habitual no discurso escrito e practicamente ausente da oralidade espontánea, que se limita a comentar o mesmo tópico que o membro precedente:

- (44) *Temos aos bispos e aos cregos de Galicia preocupados pola secularización da sociedade e, porén, cegos ante o feito de que tal secularización –a saber: clasismo e politización– rexe internamente a súa concepción da realidade galega*

(P. Castelao, “A Igrexa e o galego...”, *LVG*, 29-07-2015, p. 11)

Igualmente, *isto é* introduce un membro do discurso que aclara ou explica o precedente mais que non muda o tópico; costuma utilizarse en contextos formais na lingua escrita:

- (45) *É un calco da xa perpetrada con Oza dos Ríos e Cesuras, isto é, estase a facer de costas ás veciñas e aos veciños e sen realizar un estudo pormenorizado sobre os efectos*

(“Editorial. Os problemas reais...”, *SG*, nº 198, 02-06-2015, p. 2)

Outros reformuladores explicativos antecitados como (*dito*) *noutras palabras*, (*dito*) *con outras palabras*, (*dito*) *noutrós termos*, (*dito*) *con outros termos*, (*dito*) *doutra maneira*, (*dito*) *doutro xeito*, (*dito*) *doutra forma*, (*dito*) *doutro modo* etc. non teñen o mesmo grao de gramaticalización que os anteriores e o seu uso é máis restrito, xeralmente no discurso escrito e formal.

Os reformuladores rectificativos introducen unha reformulación que corrixe ou mellora a formulación contida no primeiro membro; son (*ou*) *mellor dito*, (*ou*) *máis ben*, *quere dicir* etc. O primeiro tanto pode ir precedido da conxunción disxuntiva *ou* como sen ela, existindo tamén a posibilidade de prescindir do último elemento e ficar como (*ou*) *mellor*, aínda que neste caso o proceso de gramaticalización non está tan avanzado; talvez sexa o rectificativo máis frecuente tanto na escrita como na oralidade:

- (46) *Chéli nom poderia menos de sofrer intimamente ao ver que Sagitário se emancipa, que Sagitário se casa, e que Rafael continua estudante e solteiro. **Mellor dito**, que ela mesma continua solteira.*

(Carvalho, *SC* 164)

- (47) *E, súpetamente, ao final dunha rúa estreita, os meus ollos bateron con ela. **Ou, mellor dito**, eu non poiden discernir o mar realmente, pois estaba confundido coa escuridade da noite*

(Gonsar, *CTS* 99)

Canto a *máis ben*, que literalmente significa ‘mellor’, contén un claro significado de preferencia, a partir do cal é fácil chegar ao valor rectificativo e tamén ao adversativo (contraargumentativo), como se viu, pois os conectores adversativos introducen información ‘preferida’ á fornecida con anterioridade. Como reformulador rectificativo pode ir precedido ou non da conxunción disxuntiva:

- (48) *Non é de tesis, non. Trátase apenas d-unha síntesis artística, ou máis ben, artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes*

(Castelao, VE 9)

En proceso de gramaticalización pode considerarse *quere(se) dicir*, que se move entre o valor explicativo e o rectificativo:

- (49) E: *¿En que consiste capala?*

I: *Capala, **quèrse disir**, sacarlle o, o anclo ¿non sabes?*

(ANF 33)

Os reformuladores de distanciamento introducen unha nova formulación que priva de pertinencia a contida no membro anterior do discurso, facéndoa irrelevante para a continuidade deste; son *en calquera caso, en todo (o) caso, de todos os xeitos, de todas as formas, de todos os modos, de calquera forma, de calquera xeito, de calquera maneira, de calquera modo* etc.; algúns destes (*de todos os xeitos/modos/maneiras/formas*) gardan relación cos contraargumentativos, como se viu. Co segmento discursivo introducido por eles non se pretende unha nova formulación do dito anteriormente, mais sinalar esta como a que vai condicionar a prosecución do discurso, ao mesmo tempo que se priva de relevancia o membro discursivo precedente. Con relación a *en calquera caso*, costuma aparecer despois dun primeiro membro complexo que contén distintas posibilidades ou casos e mostra que, sexa cal for a escolla, o membro que el introduce sempre se mantén como conclusión, que implica o comentario dun novo tópico:

- (50) *Se queren que lles sexa sincero coído que as crises en si mesmas non son sempre negativas, pois adoitan axudar a mudar unha situación na que a inercia e a inacción tomaran as rendas. **En calquera caso** axudan a ensaiar vías de saída inexploradas*

(X. Queipo, “Reflexións cruzadas”, SG, nº 154, 16-07-2015, p. 3)

O significado de *en todo (o) caso* non coincide co de *en calquera caso* (Portolés 1998), pois o primeiro introduce o membro discursivo que comenta o mesmo tópico que o membro precedente, alén de tamén suprimir a relevancia deste, ao cal substitúe:

- (51) *O primeiro que cabe dicir é que o Reino Unido exercerá o dereito a decidir, por máis que o fará unha estrutura estatal que contén nacións (Escocia, Gales, o norte da irlandesa e até Inglaterra) que non poderán decidir por elas propias. En todo caso, serán as urnas as que decidan, non como no caso do Estado español*

(“Editorial. 23X: o Reino Unido decide”, *SG*, nº 199, 09-06-2016, p. 2)

Canto a *de todos os modos* (*maneiras, formas, xeitos*), partillan co resto dos reformuladores de distanciamento a eliminación do membro discursivo anterior como pertinente para a prosecución do discurso; isto é, a relevancia informativa do primeiro membro fica suprimida e a única información que se presenta como importante para a continuación do discurso será a que aparece após o marcador; son, por consecuencia, supresores ou “arrebatores de relevancia” (Montolío, 2001: 95). En moitos casos, xustamente por introduciren o novo argumento que o/a falante presenta como de maior relevancia informativa, actúan ao mesmo tempo como introdutores de conclusión argumentativa e textual do discurso, adquirindo un valor metadiscursivo de ‘encerramento’. Igual que acontece con *en calquera caso*, o membro discursivo que introducen non comenta o mesmo tópicos que o precedente:

- (52) *O resultado suponse que lle dará a maioría aos xiítas, aínda que se descoñece a forza que finalmente ocupará poder en Bagdad. De todos os xeitos, Al Iauar solicitou que se faga un reparto de poder entre as tres correntes*

(R. V. A.: “A Comisión Electoral iraquí...”, *ANT*, 3 a 9-02-2005)

Pódense considerar como unha variante dos reformuladores anteriores as formas con *calquera* (*de calquera modo, de calquera maneira, de calquera forma, de calquera xeito*), que presentan un significado semellante, aínda que con menor uso:

- (53) *–Conto con conseguir a complicidade de Rosa -respondeu-. E se logo me descubren, que máis ten. Total, de calquera xeito xa me obrigan a marchar.*

(F. Paz, *VG* 224)

Con relación aos reformuladores recapitulativos, presentan o membro do discurso que introducen como unha conclusión ou recapitulación a partir de un ou de varios membros precedentes; uns poden introducir membros recapituladores que manteñen a mesma orientación argumentativa dos anteriores, como *en resumo, en conclusión, en síntese* ou *en suma*, e outros, alén disto, poden introducir membros con orientación oposta, como *en fin, despois de todo, en definitivo* (ou *en definitiva*), *ao cabo, ao fin* e

ao cabo, no/ao fin de contas, en resumidas contas etc.; o reformulador recapitulativo *total*, que aparece en (53) en combinación con outro de distanciamento, posibelmente sexa un decalque do español. Canto ao primeiro grupo, posúen un significado que está en consonancia co do substantivo que os conforma: resultado dun resumo do anterior (*en resumo*), conclusión dunha serie anterior (*en conclusión*), unha síntese (*en síntese*) ou resultado dunha suma (*en suma*):

- (54) [...] *o que ela imaxina como un lugar marabilloso, xa que das rapazas enviadas a Estambul ningunha regresou.*

En resumo, sería de agradecer que tanto Erdogan como Cañizares prestasen atención aos seus asuntos, o primeiro as graves violacións de dereitos humanos no seu país

(M. Aleixandre, “Erdogan e Cañizares...”, *SG*, nº 199, 09-06-2016, p. 6)

A respecto do segundo grupo, poden facer parte dun membro discursivo que implica unha conclusión coa mesma orientación argumentativa que os membros precedentes, mais tamén poden ter unha orientación contraria á dos membros discursivos precedentes que foron recapitulados. No caso de *en fin* como reformulador recapitulativo, a súa función principal é presentar o membro do discurso en que figura como unha conclusión dos anteriores, mais tamén se adoita utilizar para anunciar o final dunha secuencia discursiva pouco planexada ou demasiada complexa e formular unha conclusión, ou mesmo para renunciar a expresar a conclusión por parte dun locutor resignado (Martín Zorraquino, & Portolés, 1999: 4137):

- (55) *En todo caso, ben seguro que a realidade supera canto eu conto xa que non é doado traducir silencios, olladas, frases interrompidas pola autocensura, a carraxe ou o pudor: en fin, todo o que África debrocara dez anos atrás, calada ou con palabras, en murmurios ou a berros, na alxabeira da miña conciencia*

(M. Campo, “A memoria nun caderno”, *SG*, nº 154, 16-07-2015, p. 5 de Caderno de Verán)

No caso de *en definitivo* (ou *en definitiva*), *en resumidas contas* e de *no/ao fin de contas* non se torna estraño que o membro do discurso en que figuran conforme unha conclusión contraria á esperada dos membros precedentes:

- (56) *É unha casa no medio do rural que ofrece aloxamento, actividades e posúe horta de autoconsumo e animais. É, en definitiva, unha casa de turismo rural sustentábel, tal e como o acredita o certificado Ecolabel.*

(M. O., “Casa Pousadeira...”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 28)

- (57) [...] *conseguimos nun tempo moi curto dominar a máquina administrativa, entender as chaves da xestión e sentar as bases do proxecto político de transformación que **ao fin de contas** é o máis importante.*

(X. Mexuto, “Xulio Ferreiro...”, *SG*, nº 199, 09-06-2016, p. 12)

Os reformuladores *ao fin e ao cabo*, *ao cabo* e *despois de todo* posúen un significado que implica que o membro discursivo de que fan parte ten máis forza argumentativa do que outros membros precedentes antiorientados a respecto del:

- (58) Bart. *Eneso fixô ven; porque á o fin é ó cabo...*

Farr. *¡Como que fixô ben!*

(DA 4)

- (59) *E logo píxenme a falar embarullada e contradictoriamente:*

–Despóis de todo, non é tan raro que nin ti nin eu nos decatáramos da nosa común orixe.

(Gonsar, *CTS* 110)

5. Operadores discursivos

Os chamados operadores discursivos condicionan, polo seu significado, as opcións de o membro do texto en que se inclúen ou que afectan prosperar dentro do discurso, mais sen o relacionaren significativamente con outro membro anterior. Poden distinguirse os seguintes grupos: operadores de reforzo argumentativo, operadores de concreción e operadores de formulación. Os operadores de reforzo argumentativo teñen un significado que reforza como argumento o membro do discurso en que se achan, face a outros argumentos posíbeis, tanto explícitos como implícitos, que se verán así limitados como desencadeadores de conclusións. Uns mostran o membro discursivo en que aparecen como unha realidade ou un feito certo e outros como unha evidencia. Entre os primeiros están *na realidade* (ou *en realidade*), *no fondo*, *de facto* ou *de feito*; o feito de *na/en realidade* presentar o membro do discurso de que fai parte como unha ‘realidade’ dálle máis forza que a outro argumento:

- (60) *O nome confunde, e a xente pensa que imos lucir carne, cando **en realidade** é un espectáculo musical cun toque cómico. A nosa postura é traballar pola igualdade e a cousificación da muller no escenario é un rel que non queremos alimentar*

(B. Puñal, “The Tetas Van...”, *SG*, nº 153, 09-07-2015, Caderno de Verán, p. 6)

Con relación a *no fondo*, aínda non plenamente gramaticalizado, por sinalar precisamente o ‘fondo’ dunha cuestión, presenta o seu membro discursivo como un argumento máis forte face a outro posíbel, habitualmente implícito e inclusive difícil de inferir:

- (61) *Esa ponte atopouna Beiras Cal nos seus estudos de Dereito, concretamente no encontro feliz coas materias de filosofía. No fondo, a cuestión tributaria está profundamente enredada cos problemas da liberdade individual, a responsabilidade ante o colectivo e os límites de actuación do Estado*

(M. Regueira, “Robin Hood fronte ao Leviathan”, *SG*, nº 153, 09-07-2015, p. 27)

Outro operador argumentativo que presenta o seu membro discursivo como argumentativamente máis forte que outros argumentos posíbeis é *de facto* ou *de feito*, con base precisamente nesa presentación como feito certo; tamén é frecuente que o membro en que aparece confirme o afirmado nun primeiro membro do discurso:

- (62) *En pleno século XXI e após máis de 30 anos de autonomía podería semellar imposible que unha crianza tivese que escoitar algo así como “yo si te hablo castellano tu obligación es hablarme castellano” ou “aquí todos hablamos castellano y tu tienes que hablar el castellano. Mais, de facto, acontece*

(O. R., “A persistencia da discriminación...”, *SG*, nº 156, 30-07-2015, p. 9)

- (63) *Todo soa a propaganda eleitoral, reitera Santomé. De feito, o expediente público carece de informes técnicos que apoiem as promesas dos populares*

(C. López, “Fusións de despacho”, *SG*, nº 198, 02-06-2016, p. 3)

Outros operadores argumentativos presentan o membro discursivo en que figuran como evidente, caso de *claro*, *pois claro*, *pois si*, *de certo*, *certamente*, *con certeza*, *con/en efecto*, *efectivamente*, *naturalmente*, *sen dúbida*, *e logo!*, *xaora*, *abofé* (*abofellas*), *e máis si, entón!*; tamén *desde logo* e *por suposto*, sospeitosos de seren castelanismos. Canto a *claro*, aínda en proceso de gramaticalización a partir do significado que esta palabra ten como adxectivo, de que é mostra a construción non gramaticalizada *está claro que* ou *é claro que*, ben como a variante *claro está*, presenta o membro discursivo en que aparece como non suxeito a discusión, o mesmo que se pode dicir de *de certo* (e de *certamente*), ambos a orientaren as conclusións que se puideren derivar:

- (64) *Pois o raposo e a águila xuntáronse como amigos e, claro, invitáronse un prá casa do outro. E primeiramente invitou a águila ó raposo e deulle, pra comer deulle unha botella de mel. E o raposo, claro, non podía e lambe, lambe, lambe por fóra, lambe por fóra, pero ó mel non lle podía chegar, que non podía entrar na botella*
(Brañegos 88)
- (65) I.2. —*Iso era nos Carnavais.*
I.1. —*Nos Carnavais, claro! E iso, claro, iso foi..., aínda agora..., non é coma...*
I.2. —*Home claro!*
(AGO, Ourense, Xunqueira de Ambia - A Graña, Audio 67)
- (66) *De certo, a vida ía en serio, ditou a poeta Xela Arias. De certo, vainos a vida nesta oportunidade de convocatoria aberta que nos brinda a comisión cidadá pola unidade do 25X*
(M. Queixas, “Espellos e espellismos...”, SG, nº 155, 23-07-2015, p. 7)

A respecto deste tipo de operadores, García Represas (1992: 48) considera *por suposto* pouco tradicional, o mesmo que lle acontece a *desde logo*, a *lle dar a xaora* o valor de *claro* (*xaora que si, xaora que non*), ambos co trazo [+evidencia], e considera *abofé*, *abofellas* e *de certo* como as “formas máis neutras de confirmación de certeza” que acrecentan unha enfatización. Tanto *xaora* como *abofé* (e *abofellas*) son marcadores de evidencia con ampla presenza na fala popular (69), e con translación tamén á lingua literaria (67) e á prosa xornalística (68), que mostran tendencia a se situaren ao final do membro discursivo de que fan parte cando non se integran sintacticamente no enunciado mediante a conxunción *que* (70):

- (67) *don Mauro anunciounos con voz alegre que se organizara un concurso de redacción no que poderían participar os nenos e nenas –separados, xaora– das Escolas Graduadas que había na cidade*
(F. Paz, VG 19)
- (68) *Utilidade que non é, xaora, abstracta ou universal, senón directamente vinculada ao Amo Universal e á naturalidade con que “aprender idiomas” funciona como metonimia de saber inglés volis nolis.*
(M. P. García Negro, “Dálle metílico”, SG, nº 197, 28-05-2016, p. 6)
- (69) *O peine, claro, brillaba. I o outro, xa ora, pra que a quereda a ela, je, je..., e escolleu o peine*
(Polavila 34)

(70) –*O día en que viñeron os policías, non che pareceu que foron moi directos ás xardineiras?*

–*Xaora que me pareceu! Sabían ben onde tiñan que buscar.*

(F. Paz, *VG* 198)

Pódense considerar *entón!* e *e logo!* como formas de enfatización “que presentan o afirmado como algo evidente” (García Represas, 1992: 55-57), moito presentes na conversación espontánea. Carballo (1979: 330) recolle na súa gramática o seguinte exemplo: *vas moi elegante hoxe. -¿E logo?* (‘pois claro que si, como non?’). A respecto de *sen dúbida*, é un marcador de evidencia aínda en proceso de gramaticalización, pois admite variantes como *sen dúbida ningunha*, *sen dúbida de ningunha clase* etc., que tamén permite establecer o acordo coa persoa interlocutora, mais sen avaliar o membro do discurso que comenta, a exprimir así un acordo máis neutro ou obxectivo:

(71) *Tampouco esquezo o día en que un veciño me subiu por primeira vez ao escenario de cemento que hai no campo da festa cando eu tiña só cinco anos. Ese, sen dúbida, tamén é un lugar moi importante para min!*

(L. Pérez, “O recuncho de...”, *SG*, nº 155, 23-07-2015, Caderno de Verán, p. 9)

Os operadores de concreción presentan o membro do discurso en que figuran como unha concreción ou exemplo dunha xeneralización que pode ou non aparecer nun membro anterior, como *en especial*, *en particular*, *en concreto* ou *por exemplo*; os primeiros presentan o membro discursivo en que figuran como un caso ‘especial’, ‘particular’ ou ‘concreto’ dunha xeneralización anterior:

(72) *Garzón, que xa se reincorporou ao traballo mais para desenvolver tarefas administrativas, é polo de agora o único sobre o que recaen as acusacións polo sucedido, en concreto, de homicidio imprudente*

(X. M. Piñeiro, “Angrois, dous anos despois”, *SG*, nº 156, 30-07-2015, p. 10)

Canto a *por exemplo* (Rodríguez Martínez, 1997), talvez o máis utilizado no discurso oral e escrito, presenta o membro discursivo en que se insire como un ‘exemplo’ e posúe, como os outros, mobilidade dentro do enunciado:

(73) *A utilidade que poidan ter nun contexto distante e alleo como pode ser, por exemplo, a rexión india de Bengala, é unha cuestión digna de comezar calquera libro*

(M. Regueira, “A forma das letras”, *SG*, nº 154, 16-07-2015, p. 31)

Na linguaxe escrita formal tamén ten algún uso o latinismo *verbi gratia* como operador de concreción cun uso semellante ao anterior:

- (74) *Tamén dista devoción deriváronse moitos nomes. Tourón, Touredo, Touriñán, etc. o mesmo que os procedentes da raís vasca Cecen (Touro), verbigracia, Cecebre, Ceceda, etc.*
(Amado, OPV 56)

Os operadores de formulación presentan o membro do discurso que introducen como unha formulación que transmite satisfactoriamente a intención comunicativa do falante, feito que permite a súa maior independencia a respecto do discurso precedente, favorecéndose así o seu uso como modificador ou renovador da planificación discursiva; é o caso de *ben*, *bon* e dalgúns usos de *vaia*:

- (75) *Levaban unha burriña, moi preparada, gabacha, poñíanlle unha albarda coma quen, de palla, aínda que só fose cunha saca, ou sen ela, e facíanlle un carro..., un carro..., un carriño, como que era, pero..., gustaba, porque era..., xa era para rir. Ben, poñíanlle os lazos, de todas as maneiras, e moitas cousas, engabachaban moito a burriña.*
(AGO, Ourense, Os Blancos - San Breixo, Audio 91)

- (76) *–Tes razón, craro que tes razón.*
–Bon, xa chega de divagar, ¿non che parece?
(Blanco-Amor, XL 258)

- (77) *Fórono apurando tanto, fórono apurando tanto que o padre parece que se enterou ou, vaia, desconfiou porque o apretaban un pouquiño moito pra colleren os catro no sitio de tres.*
(Brañegos 136)

Con todo, cómpre deixar constancia de que o españolismo *bueno*, que na realidade é tamén o que figura na versión literal de (75), e a súa variante *boeno*, penetrou no galego escrito no século XIX, primeiro como adxectivo, frecuentemente con valores enfáticos e/ou de respecto, e posteriormente con valores pragmático-discursivos, campo en que acabou por alcanzar unha grande frecuencia de uso. Eliminado en xeral da lingua escrita e da fala culta como adxectivo, pervive no entanto como marcador discursivo na oralidade e nomeadamente na conversación informal, onde posúe múltiples valores discursivos (Freixeiro, 2005: 111-131 e 2010; Domínguez, 2009). Nas mostras da lingua oral recollidas no *corpus* que manexamos (*Brañegos*, *Polavila*, *AGO*, *ANF*) poden acharse innúmeras atestacións de tal proliferación.

6. Marcadores discursivos de control de contacto

De acordo con Portolés (2001: 145) denomínanse así aqueles marcadores que poñen de manifesto a relación entre os participantes da conversación e a destes cos seus enunciados, podendo servir tamén como reforzo ou xustificación dos razoamentos do/a locutor/a, como elementos retardatarios na comunicación, como chamadas de atención para manter ou comprobar o contacto, ou ben como fórmulas exhortativas e apelativas que implican o/a alocutario/a de forma activa, estes últimos usos xustificados por procederen de vocativos ou imperativos. En Martín Zorraquino, & Portolés (1999: 4143-4199) inclúense os marcadores de control de contacto dentro do grupo dos marcadores conversacionais, que engloban algúns dos operadores de reforzo argumentativo –os marcadores de evidencia– e os de formulación vistos na sección anterior, de modo que distinguen entre marcadores conversacionais de modalidade epistémica (*claro, desde logo, polo visto* etc.), de modalidade deóntica (*bon, ben, de acordo*), metadiscursivos conversacionais (*bon, ben, eh* etc.) e enfocadores da alteridade (*home, olla, mira, escoita, ouve* etc.). Son basicamente estes últimos os que constitúen o grupo dos aquí chamados marcadores de control de contacto, conxunto de unidades que na súa orixe apuntan principalmente á/ ao ouvinte (*home, olla, escoita*) e en ocasións a ambos os interlocutores ou interlocutoras (*vamos ver, imos ver, vexamos*). Varios destes marcadores admiten certa variación morfolóxica e capacidade combinatoria, aínda que non posúen unha liberdade sintáctica ou de flexión completas. En xeral, pola función discursiva que desempeñan, son propios dun discurso que implica a compresenza e a relación recíproca e asimétrica das persoas que axen como interlocutoras e establecen igualmente unha relación entre interlocutores identificados e identificábeis, feito que vén a explicar a ausencia deste tipo de marcadores en textos escritos que seleccionan un alocutario universal.

Para unha mellor ordenación dos marcadores de control de contacto distinguírase entre apelativos de familiaridade, captadores da atención e apéndice corroborativos. Os primeiros, que proceden de vocativos, apelan directamente ao interlocutor ou interlocutora, que recibe un tratamento de familiaridade. Destaca dun modo especial *home*, tanto na súa forma plena (79) como apocopado en *hom* (78) e nomeadamente en *ho* (80), de amplísima presenza no discurso conversacional espontáneo e informal, ben como nos textos escritos que o pretenden reflectir:

- (78) –¡Si **hom**! ¿Canto che dan pol-o cabalo?
 –Sete pesos.
 –Pois ahí tés, **ho**: Co-ises cartos, compras o aparello
 (G. Barros, CT 150)

(79) –*¡Jesús, home; tu estás soñando! ¿Que é o que ha de haber, home? ¡Que é o que ha de haber, Jesús!*

(Brañegos 137)

(80) –*Cala a boca, ho, que tamos perdidos co rapaz. Tenche unha gaita, empézache a toala, empezan as ovellas a bailar*

(Polavila 94)

Posúe a versatilidade distribucional propia das interxeccións e, neste sentido, precisa o seu significado concreto en función da posición que ocupar a respecto do membro do discurso en que aparece, a desempeñaren tamén un papel importante os trazos fónicos con que se emita. Mais en xeral imprime un ton amical ou familiar á conversación, con certo grao de complicidade coa persoa interlocutora que reforza a imaxe positiva da e do falante diante dela, mesmo atenuando a disconformidade co dito por esta nas intervencións reactivas e por veces adiantándose a evitar un posíbel incomodo. Aínda que provén da gramaticalización dun substantivo masculino, pode referirse igualmente a mulleres de calquera idade, en contra do que acontece con *muller* como marcador, que ten un uso bastante menor e que só se refire a persoas do xénero feminino ou mesmo a animais femias, como no seguinte exemplo:

(81) *E dixo [o cocho]:*

–*Pero, mullere, eu tamén dou. A min así que me matan eu tamén dou xamós, fan os chorizos de min, os lacós e moitas máis cousas, e todas esas cousas, polo visto, saben moi ben.*

E dixo [a vaca]:

–*Si, home, si, pero ti todo eso dalo desde que morres e eu xa o dou de viva, e máis despois, de morta.*

(Brañegos 96)

Hai outros marcadores de similar procedencia e valor con bastante menor frecuencia de uso e limitados a certas rexións do territorio galego ou a determinadas faixas etarias, cal é o caso de *né* (de *nena*, só nas falas occidentais e para mulleres máis ben novas e crianzas), *ché* (de *Xosé*, habitual na Costa da Morte e para todas as idades, diferente doutro *che!* coloquial con frecuencia reiterado e utilizado para reprobar a liña argumentativa do interlocutor de forma en xeral descortés) ou *tío/tía* (informal, coloquial e pouco cortés, posibelmente tirado do español das clases marxinas). Entre estes está a cobrar importancia crecente a forma *meu*, procedente dun vocativo con elisión do substantivo, do tipo de *meu home* ou *meu vello*, presente en idiolectos de xente nova e a denotar familiaridade e proximidade afectiva:

(82) *Ao lonxe, ve xurdir a Giacomo polo peirao dos dálmatas.*

–¡Que! ¿O vello galo non che deixa entrar no galiñeiro, **meu**? -bérralle o seminarista.

(Calveiro, SE 60)

Canto aos captadores da atención, son marcadores procedentes de formas verbais que teñen como función principal atraeren o interese da persoa interlocutora e manteren baixo control a canle comunicativa. A este segundo grupo pertencen tanto marcadores procedentes de imperativos como doutras formas verbais, en presente ou pretérito fundamentalmente, con entoación interrogativa. Os procedentes do imperativo indican comunmente percepción sensorial. Romero Trillo (1997) fala de *attention-getting devices*, ou marcadores que serven para atraer o interese sobre aquilo que se está a dicir ou que son utilizados para captaren a atención da persoa interlocutora, e Marques (2002) chámalles ‘conectores fáticos’, que define como “recorrências quase cíclicas, de carácter automático, que pontuam o discurso sem dele parecerem fazer parte” e que caracteriza por chamaren a atención para a mensaxe que está a ser transmitida seguindo unha estratexia discursiva de *getting-attention*, por teren unha función social que regula un uso que o/a locutor/a tende a omitir nun rexistro máis formal, e por seren unha marca de cortesía.

Estamos a falar de formas como *olla, olle, oe, oia, mira, mire, escoita, escoite*, que máis ou menos corresponden con *look* e *listen* do inglés e que o falante tende a omitilos nun rexistro formal, onde se adoitan utilizar outros mecanismos pragmáticos para captar a atención da persoa interlocutora. Entre *olla* e *mira*, imponse cada vez máis o segundo pola coincidencia co español (Dominguez, 2008); como todos estes marcadores conversacionais, a súa presenza dá coloquialidade ao diálogo e costuman concorrer na primeira posición da intervención (84), con frecuencia acompañados doutros marcadores (85):

(83) *Se eus fose crego, había zampar cada domingo un sermón, que había poñerlle de pé os cotobelos ó máis valente. Solamente había tratar máis, namais ca do inferno. **Olla!** Non hai frábica que tanto diñeiro teña dado*

(ANF 53, Pontevedra - A Estrada - Friamonde)

(84) –¿Pero, home, cóntame logo, entonces, como fixeche, logo?

–**Mira**, heicho contar. Non é pa que o pregones por aí ós máis pero a ti sabes que nunca tuven recelo en contarche a miña vida

(Brañegos 122)

(85) –¡Eu non!

–Pois **mira**, vámosche facer unha aposta: vamos durmir co cu arriba;
o que lle sude o cu, comeu o mel.

(Brañegos 81)

Aínda se podería apuntar certo grao de gramaticalización en formas do imperativo como *desculpa* (e *desculpe*, *desculpade*, *desculpen*) e nomeadamente *perdoa* (e *perdoe*, *perdoade*, *perdoen*), talvez procedentes do español, cando utilizados para rexeitaren ou contradiciren a liña argumentativa do interlocutor como marcas de “cortesía negativa” (Martín Zorraquino, & Portolés, 1999: 4190).

A respecto do grupo de verbos que se gramaticalizaron na segunda persoa (ou terceira como marca de cortesía) do presente ou do pretérito de indicativo como marcadores discursivos de control de contacto, ou que están en proceso de gramaticalización pois aínda admiten combinacións con outras palabras (*Entendiches isto?*, *Entendiches o que che dixen?*), polo xeral verbos de percepción intelectual con entoación interrogativa, cómpre sinalar en primeiro lugar a polimorfía que presentan en función do tempo escollido (presente ou pasado), do variacionismo dialectal, do número de persoas interlocutoras, do grao de formalidade que a/o falante mantiver con elas (tratamento familiar ou de cortesía) ou mesmo da opción pola conxugación non-perifrástica ou perifrástica: *entendes?* (*estás a entender*, *estás entendendo*), *entendiches?* (*entendiche*, *entendeches*, *entendestes*, *entendeste*), *entendedes?*, *entendestes?*, *entendeu?*, *entenderon?*; *ouves?*, *oes?*, *ouviches?*, *oíches?* etc.:

(86) O boticario: *-As boticas son para sandar e non para matar. Entendeu?*

A morte: *-O que eu quero é sandar, señor.*

(Castelao, VE 23)

(87) *-¡Caterina é miña! ¡É miña! ¡Oíches? –repite mentres solta puñadas unha e outra vez sobre o corpo do desprevido Aldo.*

(Calveiro, SE 120)

Tamén no caso deste mesmo verbo se está a gramaticalizar o participio *entendido* como marcador de control de contacto. Mais non todos estes marcadores de procedencia verbal toleran o mesmo grao de variación; así, por exemplo, *sabes?* ou *sabe?* permiten variantes en copretérito (*sabías?*, *sabía?*), mais non en pretérito, aínda que admiten a forma negativa (*non sabes?*, *non sabías?*):

(88) *Teño medo de perdel-o sentido e que dispois vostede... que é un raposo... porque unha tamén é de carne e ten corazón, sabe?*

(Castelao, VE 51)

(89) 1.2. — *Ah, claro, claro!*

1.1. — ... **non sabes?** *Porque se pomos só pantalóns..., pero non, puxemos o pantalón por abaixo, e por riba unha saia.*

(AGO, Ourense, Xunqueira de Ambía - A Graña, Audio 67)

Neste grupo de verbos tamén entran os de percepción sensorial *ouvir* ou *oír*, este a dominar na oralidade coloquial:

(90) —**Oes**, *pra domingo vés á misa. Heiche regalar o mellor traxe que haxa pra íres á festa -non sei que festa era naquela parroquia-, pero tes que decir [...].*

E o pícaro veu prá casa e díxollo a seu pai.

—**Oeu**, *papá, díxome o cura -chamouno polo nome, eu non me acordo de-; díxome así, que fose á misa e que dixese así.*

(Brañegos 196)

Con ese *oeu* de (90) parece estar en relación a forma tradicional da fala popular *aieue*, que tería como variantes a propia *oeu*, *oieu* ou *oíu*, esta de amplísimo uso na fala bergantiñá; trátase dun marcador de control de contacto máis propio de persoas idosas e en certo recuamento tamén como consecuencia da mudanza dos hábitos sociais, pois é unha fórmula que sinala un interlocutor a quen se trata con respecto, unha especie de marca de deixé social segundo Sánchez Rei (2011: 453), que igualmente aventura a hipótese de proceder do francés *aieul*, ‘avó’ ou ‘antepasado’.

O último grupo de marcadores discursivos de control de contacto é o formado polos que se poden denominar apéndice comprobativos (Martín Zorraquino, & Portolés, 1999: 4188) ou corroborativos, do tipo de *non é?*, *non?*, *si?*, *non si?*, *verdade?*, *de acordo?* ou *eh?*, que serven á locutora ou locutor para conseguir certa corroboración da ou do ouvinte con relación ao segmento discursivo a que remiten, a exprimir ao mesmo tempo a vontade do primeiro de contar coa cooperación, a comprensión e a complicitade do segundo. Como case todos estes marcadores, son propios do ámbito conversacional e tenden a reducir a súa presenza segundo aumenta o grao de formalidade do discurso; na oralidade coloquial destaca a frecuencia de uso de *non si?* como fórmula peculiar de ‘certeza afirmativa’, especialmente presente en determinadas falas do bloque occidental:

(91) —*Abaixo está a librería. E detrás o taller de imprenta, non si? - O meu pai asentiu coa cabeza, as pingas de suor esvarábanlle polas tempas coma se aquel fose un día de calor.*

(F. Paz, VG 68)

Existe outra fórmula correlativa (*non non?*) para a expresión de ‘certeza negativa’, moito viva cando menos na zona de Ponteareas segundo García Represas (1992: 51). A fórmula simple *non?*, de clara procedencia adverbial, ten un valor semellante ao de *verdade?*:

- (92) *por dentro tèn unhas khías, ¿non?, è ó chekhar ás parte[s], á parte darrriba, khirando o halador sêrrache è môrdeche a madre pa ir metendo ¿non?*

(ANF 52, A Coruña - Ribeira - Carreira - O Outeiro)

- (93) —*E ademais ten..., vén marcado coa Semana Santa, non?, depende...*
(AGO, Ourense, Os Blancos - San Breixo, Audio 91)

- (94) *Despois veu a guerra e..., exa cambiou todo, xa non che había tampouco..., así alegría coma antes, verdade?, xa acabou iso do Carnaval; porque aí Santo Adrao...*

(AGO, Lugo, Lourenzá - Pumar de Don, Audio 87)

Tamén *si?* ten este valor, embora o seu uso como marcador de control de contacto sexa recente e semelle propio de xente máis ben nova con certo grao de formación. Máis tradicional e frecuente é o uso de *eh?* co mesmo valor:

- (95) —*E que? Como andou o traballo?*
—*Ai o traballo... ti o saberás, comigo non che anda nada ben, eh!*
(AGO, A Coruña, Ordes, Barreiros, Audio 135)

- (96) —*Ai, bueno, eu divertido fun, ahora que honrada, oes, honrada son tanto como a que poida nacer hoxe, eh. Que nese caso, a min non houbo quen me cortase pelo, eh.*

(Brañegos 205)

Con valor equivalente ao de *de acordo* estase a utilizar cada vez máis o españolismo *vale?* (Cestero, & Moreno, 2008), nomeadamente por parte da xente nova e de mediana idade, a pesar de non ter presenza na tradición lingüística galega. Outro marcador que tamén procura a corroboración cooperativa do alocutario é *non é?*, igualmente vigorante no portugués como *não é*, que de acordo con Silva, & Macedo (1992) ocorre moito frecuentemente na argumentación como petición de reacción (*feedback request*) e que é habitual no portugués falado de Rio de Janeiro so a forma *né?* (contracción de *non é?*, en inglés *isn't it?*); en galego parece non posuír tal vitalidade na lingua coloquial, a non ser coa fórmula *n' é verdade?*, mais vai adquirindo certa presenza na lingua literaria (97), onde tamén se pode achar a expresión completa (98) que serviu de base para a formación do marcador:

- (97) *Colle un pano da man e tenta limparse-. Ti eras o que sabía, ¿non é?; e o que me quería tanto e todo iso –engade chorando e nerviosa. Ponse de pé e segue a limparse*
(Borrazás, CR 177)
- (98) *Curioso, ¿non é verdade?, estar tan perto, relativamente, da meirande cidade do mundo, e non ter vido aquí nin para unha visita dun día.*
(Gonsar, CTS 65)

Por último, cómpre sinalar o marcador *ou?* con valor intensificador da interrogación, máis propio do interior da Galiza do que da faixa occidental e talvez procedente da conxunción disxuntiva, tamén con algunha representación na lingua literaria:

- (99) *fáciase unha gaitada, vaia, había unha..., unha ringleira de..., de xente coma de aquí a acolá, bailaban a xota e bailaban todo, porque agora xa, por aquí, a xota ninguén a baila, ou? E así che era.*
(AGO, Lugo, Lourenzà - Pumar de Don, Audio 87)
- (100)–*E esa donna serei eu, ¿non, ruliño?*
– *Por suposto, ruliña, por suposto. ¿Quen ía ser, ou?*
– *Non sei... algunha das túas meniñas da Piedade.*
(Calveiro, SE 37)

7. Conclusión

Após un capítulo introdutorio en que se sentaron as bases teóricas para o estudo dos marcadores discursivos e se revisou o estado da arte no relativo ás particularidades do estudo destas unidades en galego, nas páxinas precedentes estableceuse unha tipoloxía clasificatoria delas e procurouse definir e exemplificar cada un dos subtipos fixados con ocorrencias textuais procedentes tanto da oralidade como da lingua escrita. Debido á amplitude do tema que foi obxecto de análise, só se puido realizar unha aproximación de carácter xeral e sintético que pon en evidencia dúas tarefas principais aínda pendentes dun estudo máis profundo.

En primeiro lugar, unha vez depuradas da lingua estándar aquelas unidades que son claramente produto da interferencia castelanizadora mesmos nos seus aspectos formais (caso de *bueno, sin embargo, de todos xeitos, hastra, anque* etc.), cómpre determinar a autoctonía doutras que, embora formalmente presenten fasquía galega, ofrecen serias dúbidas sobre a súa posíbel procedencia do castelán por careceren de tradición no galego dos séculos anteriores (pode ser o caso de *por certo, en cambio,*

agora ben, *por suposto*, *así mesmo*, *total*, *vale* e tantas outras, a que tamén se pode unir o uso esmagador de *pero* na actualidade). En segundo lugar, fixados os marcadores discursivos que son propios do galego, fanse precisos estudos singulares sobre cada un deles ou, cando menos, sobre os diferentes subtipos que se foron vendo nestas páxinas, co obxectivo de determinar tanto os seus usos e valores como os rexistros (formal ou informal, oral ou escrito) a que máis propiamente corresponden.

Embora xa algo se viñese facendo nos últimos anos a respecto deses dous aspectos, fica aínda moito camiño por andar e, tendo en conta a grande presenza e importancia destas unidades na lingua oral e escrita, ábrese un grande campo de pesquisa para aquelas persoas interesadas en traballaren sobre a lingua galega.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario, & Xove, Xosé (2002). *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario, Regueira, Xosé Luís, & Monteagudo, Henrique (1986). *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (1979). *Gramática elemental del gallego común* (7.^a edición). Vigo: Galaxia.
- Cestero Mancera, Ana María, & Moreno Fernández, Francisco (2008). “Usos y funciones de *vale* y *¡venga!* en el habla de Madrid”, *Boletín de Lingüística*, XX/29, 65-84.
- Domínguez Portela, Soraya (2006). “*Pois*: dende a conxunción ó marcador discursivo”, *Cadernos de Lingua*, 28, 145-173.
- Domínguez Portela, Soraya (2008). “*Olla e mira*, dous marcadores discursivos en tres linguas: portugués, galego e español”, *Cadernos de Lingua*, 30, 27-73.
- Domínguez Portela, Soraya (2009). “O marcador discursivo *bueno* na lingua galega: valores e alternativas”. En Rei-Doval, Gabriel (ed.), *A lingüística galega desde alén mar*, 109-113. Santiago de Compostela: Universidade.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (1992). “Actos de reformulación conversacional: a corrección”, *Cadernos de Lingua*, 6, 65-76.
- Fraser, Bruce (1990). “An approach to discourse markers”, *Journal of Pragmatics*, 14, 383-395.
- Fraser, Bruce (1999). “What are discourse markers?”, *Journal of Pragmatics*, 31, 931-952.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2003). *Gramática da Lingua Galega IV. Gramática do texto*. Vigo: A Nosa Terra.

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2005a). *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito*. Monografía 6 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2005b). “Mudanzas e interferencia no sistema de conectores concesivos do galego escrito moderno”, *Revista Galega de Filoloxía*, 6, 169-180.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2005c). “*Non obstante, sen embargo, nembargante(s)* e outros adverbios conectores do galego escrito. Perspectiva diacrónica e uso actual”, *Verba*, 32, 247-274.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2005d). “O uso dos conectores contraargumentativos *mais, pero, pro e porén* no galego escrito actual en confronto co galego-portugués medieval”. En Rio-Torto, Graça Moura, Figueiredo, Olívia Maria, & Silva, Fátima (eds.), *Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela*, vol. 2, 901-913. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2008). “Perspectiva diacrónica e uso actual de alguns conectores de preferéncia e de contraste em galego(-português)”, *Estudos Linguísticos / Linguistic Studies*, 2, 77-98.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2010). “O castelanismo *bueno* en galego”. En Sánchez Palomino, María Dolores (ed.), *Lexicografía galega e portuguesa*, 143-159. Anexo 13 da *Revista de Lexicografía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2012). “Locucións conectoras consecutivas de carácter parentético no galego moderno e contemporáneo”. En Petrov, Peter, Sousa, Pedro Quintino de, López-Iglésias Samartim, Roberto, & Torres Feijó, Elias J. (eds.), *Avanços em Ciências da Linguagem*, 411-428. Santiago de Compostela / Faro: AIL / Através Editora.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). “Conectores consecutivos en galego-portugués: da época medieval á actualidade”. En Casanova Herrero, Emili, & Calvo Rigal, Cesáreo (eds.), *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas. Valencia 2010*, vol. 5, 437-448. Frankfurt / Berlin: De Gruyter.
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1998a). *La sintaxis de los relacionantes supraoracionales*. Madrid: Arco Libros.
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1998b). *Las construcciones adversativas*. Madrid: Arco Libros.
- García Represas, Delio (1992). “A afirmación”, *Cadernos de Lingua*, 6, 47-64.
- Hagège, Claude (2000). *Halte à la mort des langues*. Paris: Odile Jacob.

- Marques, Maria Aldina (2002). “Conectores fáticos e construción da relación interlocutiva”. En Duarte, Isabel Margarida, Barbosa, Joaquim, Matos, Sérgio, & Hüsgen, Thomas (eds.), *Encontro Comemorativo dos 25 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*, vol. 2, 31-39. Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto.
- Martín Zorraquino, María Antonia (1998). “Los marcadores del discurso desde el punto de vista gramatical”. En Martín Zorraquino, María Antonia, & Montolío Durán, Estrella (eds.), *Los marcadores del discurso. Teoría y análisis*, 19-53. Madrid: Arco Libros.
- Martín Zorraquino, María Antonia, & Portolés Lázaro, José (1999). “Los marcadores del discurso”. En Bosque, Ignacio, & Demonte, Violeta (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. 3, 4051-4213. Madrid: Espasa Calpe.
- Montolío Durán, Estrella (1998). “La teoría de la relevancia y el estudio de los marcadores discursivos”. En Martín Zorraquino, María Antonia, & Montolío Durán, Estrella (eds.), *Los marcadores del discurso. Teoría y análisis*, 93-119. Madrid: Arco Libros.
- Montolío Durán, Estrella (2001). *Conectores de la lengua escrita*. Barcelona: Ariel.
- Parga Valiña, Edelmira María (1999). “A interferencia lingüística no galego oral”. En Álvarez, Rosario, & Vilavedra, Dolores (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. 1, 789-808. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Pons Bordería, Salvador (1998). *Conexión y conectores. Estudio de su relación en el registro informal de la lengua*. Anejo XXVII de *Cuadernos de Filología*. València: Universitat de València.
- Portolés, José (1998). “Dos pares de marcadores del discurso: *en cambio y por el contrario, en cualquier caso y en todo caso*”. En Martín Zorraquino, María Antonia, & Montolío Durán, Estrella (eds.), *Los marcadores del discurso: teoría y análisis*, 243-264. Madrid: Arco Libros.
- Portolés, José (2001). *Marcadores del discurso*. Barcelona: Ariel.
- Rodís Martínez, María Xesús (1997). “Procesos de exemplificación no discurso”, *Cadernos de Lingua*, 15, 119-140.
- Rodrigues, Isabel Maria Galhano (1998). *Sinais Conversacionais de Alternância de Vez*. Porto: Granito.
- Rodrigues, Isabel Maria Galhano (2004). “Sinais verbais e não-verbais na estruturação do discurso - apartes”. En Oliveira, Fátima, & Duarte, Isabel Margarida (eds.), *Da Língua e do Discurso*, 579-600. Porto: Campo das Letras.

- Romero Trillo, Jesús (1997). “Your attention, please: Pragmatic mechanisms to obtain the addressee’s attention in English and Spanish conversations”, *Journal of Pragmatics*, 28, 205-221.
- Rouchota, Villy (1998). “Procedural Meaning and Parenthetical Discourse Markers”. En Jucker, Andreas H., & Ziv, Yael (eds.), *Discourse Markers. Descriptions and Theory*, 97-126. Amsterdam: John Benjamins.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868). *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011). *Lingua galega e variación dialectal*. Ames: Laiovento.
- Schourup, Lawrence (1999). “Discourse markers”, *Lingua*, 107, 227-265.
- Schwenter, Scott A. (2000). “Lo relativo y lo absurdo de las partículas escalares *incluso y hasta*”, *Oralia*, 3, 169-197.
- Scotti-Rosin, Michael (1984). “Fórmulas interlocutorias no texto português”. En Carvalho, José G. Herculano de, & Schmidt-Radefeldt, Jürgen (eds.), *Estudos de Linguística Portuguesa*, 195-212. Coimbra: Coimbra Editora.
- Silva, Giselle M. de Oliveira, & Macedo, Alzira Tavares de (1992). “Discourse markers in the spoken Portuguese of Rio de Janeiro”, *Language Variation and Change*, 4, 235-249.
- Vázquez Veiga, Nancy, & Fernández Bernárdez, Cristina (1996). “Un caso de interferencia lingüística: la forma y *luego* en el castellano de Galicia”. En Casado, Manuel, Freire, Antonio, López, José Eduardo, & Pérez, José Ignacio (eds.), *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, vol. 2, 715-735. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Watts, Richard J. (1989). “Taking the pitcher to the ‘well’: Native speakers’ perception of their use of discourse markers in conversation”, *Journal of Pragmatics*, 13, 203-237.
- Zwicky, Arnold M. (1985): “Clitics and particles”, *Language*, 61, 283-305.

Fontes documentais

- AGO = Fernández Rei, Francisco (dir.). *Arquivo do Galego Oral*, <http://ilg.usc.es/ago/>.
- Amado, OPV = Amado Carballo, Luís (1982). *Obras en prosa e verso*. Vigo: Castrelos.
- ANF = Fernández Rei, Francisco, & Hermida Gulías, Carme (eds.) (1996). *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- ANT* = *A Nosa Terra*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- Blanco-Amor, *XL* = Blanco-Amor, Eduardo (1976). *Xente ao lonxe*. Vigo: Galaxia.
- Borrazás, *CR* = Borrazás, Xurxo (1998): *Criminal*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Brañegos* = Carnero, María Ofelia, Cuba, Xoán Ramiro, Reigosa, Antonio, & Salvador, María Mercedes (eds.) (2004). *Da fala dos brañegos. Literatura oral do Concello de Abadín*. Lugo: Deputación Provincial.
- Calveiro, *SE* = Calveiro, Marcos (2010). *Settecento*. Vigo: Xerais.
- Carvalho, *SC* = Carvalho Calero, Ricardo (1987): *Scórpido*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Castelao, *VE* = Rodríguez Castelao, Alfonso (1953). *Os vellos non deben de namorarse*. Vigo: Galaxia.
- DA* = (1836) *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso*. Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño.
- Dieste, *AFV* = Dieste, Rafael (1958). *A fiestra valdeira. Comedia de remate ledo en tres lances, o derradeiro c'un respiro*. Buenos Aires: Citania.
- F. Paz, *VG* = Fernández Paz, Agustín (2014). *A viaxe de Gagarin*. Vigo: Xerais.
- G. Barros, *CT* = García Barros, Manuel (1952). *Contiños da Terra*. Buenos Aires: Talleres Caporaletti Hnos.
- Gonsar, *CTS* = Gonsar, Camilo (1980). *Cara a Times Square*. Vigo: Galaxia.
- LVG* = *La Voz de Galicia*, A Coruña.
- Polavila* = Carnero, María Ofelia, Cuba, Xoán Ramiro, Reigosa, Antonio, & Salvador, María Mercedes (eds.) (2004): *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (2.^a edición). Lugo: Deputación Provincial.
- SG* = *Sermos Galiza. O semanario coa información precisa*, Santiago de Compostela.
- TM* = *O Tío Marcos d'a Portela. Parrafeos c'o pobo gallego*, Ourense.
- Toro, *CD* = Toro, Suso de (1984). *Caixón desastre*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

APÉNDICE: Principais marcadores discursivos do galego oral e escrito

Estruturadores da información	Comentadores	<i>Pois, pois ben, así as cousas, dito isto/dito iso...</i>
	Ordenadores (de apertura, de continuidade, de encerramento)	<i>En primeiro lugar, primeiramente, por un lado, por unha parte/banda, dun lado, dunha parte/banda; en segundo (terceiro, cuarto...) lugar, por outro (lado), por outra (parte/banda), igualmente, logo, despois; por último, en último (derradeiro) lugar, polo demais, por fin, finalmente...</i>
	Digresores	<i>A propósito, a todo isto/iso, por certo, aliás...</i>
Conectores	Aditivos	<i>Inclusive/incluso, até/ata, mesmo, é máis, aínda máis, máis aínda; ademais (de), amais de, por riba, aínda por riba, aínda por cima, de por parte, á parte (de), alén disto/diso, alén do máis, (para) alén de...</i>
	Consecutivos	<i>Pois, así, así pois, logo, entón, daquela; por tanto, polo tanto, por conseguinte, conseguintemente, xa que logo, de aí; por/en consecuencia, consecuentemente...</i>
	Contraargumentativos	<i>En troca/en troques, ao contrario, polo contrario/pola contra/por contra, antes (ben), máis ben, ora (ben)/agora (ben); porén, non obstante, no entanto, así e todo, con todo, aínda así, mesmo así, emporiso; mais, pero, iso si...</i>
Reformuladores	Explicativos	<i>Isto é, é dicir, ou sexa, a saber, (dito) noutras palabras, (dito) con outras palabras, (dito) doutro xeito/modo, dito doutra forma/maneira...</i>
	Rectificativos	<i>(Ou) mellor (dito), (ou) máis ben, quere dicir, quérese dicir...</i>
	De distanciamento	<i>En calquera caso, en todo o caso, de todos os xeitos/modos, de todas as formas/maneiras, de calquera xeito/modo, de calquera forma/maneira...</i>
	Recapitulativos	<i>En resumo, en conclusión, en síntese, en suma; en fin, despois de todo, en definitivo/definitiva, ao cabo, ao fin e ao cabo, ao/no fin de contas, en resumidas contas...</i>
Operadores discursivos	De reforzo argumentativo	<i>Na/en realidade, no fondo, de facto/de feito; claro, pois claro, pois si, de certo, certamente, con certeza, con/en efecto, efectivamente, naturalmente, sen dúbida, e logo!, xaora, abofé, abofellas, e máis si, entón!...</i>
	De concreción	<i>En especial, en particular, en concreto, por exemplo, verbi gratia...</i>
	De formulación	<i>Bon, ben, vaia...</i>
Marcadores de control de contacto	Apelativos de familiaridade	<i>Home/hom/ho, muller, né, ché, tío/tía, meu...</i>
	Captadores da atención	<i>Olla/olle, mira/mire, oe/oia, escoita/escoite, desculpa/desculpe, perdoa/perdoe; entendes/estás a entender?, entendiches/entendeu?, ouves/oes?, ouviches/oiches?, sabes/sabe?, sabías?, non sabes?, aieu?, oiú?...</i>
	Apéndice corroborativos	<i>non é?, non?, si?, non si?, verdade?, de acordo?, eh?, ou?</i>